

## PREGO DE PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS CULTURAIS DO CONCELLO DE AMES

### 1.- OBXECTO

O obxecto do contrato é o desenvolvemento das Escolas Culturais divididas en tres lotes:

#### \* Lote nº 1: Escola de Artes Plásticas

Este lote engloba as actividades de manualidades e arte miúda

#### \* Lote nº 2: Escola de Baile

Impartiránse sobre todo baile latino e baile de salón,

#### \* Lote nº 3: Escola de Teatro

Neste lote desenvolveranse actividades de teatro infantil e xogo dramático e a expresión dramática, así como o Grupo Municipal de Teatro de Ames ( comprende a dirección).

Estas actividades están dirixidas a toda a poboación de Ames nos termos previstos neste prego, así como no de Cláusulas Administrativas Particulares.

### 2.- CONSIDERACIÓNNS XERAIS

#### a) Obrigas do adxudicatario

- 1) Contratará ao persoal necesario, de acordo coa lexislación vixente para o desenvolvemento e coordinación das Escolas Culturais Municipais.
- 2) Todo o persoal que se encargue do desenvolvemento das actividades, deberán acreditar a súa formación específica para o desenvolvemento do programa, así como a súa experiencia neste tipo de actividades, que deberá posuir xa antes do inicio do contrato así como mantelo durante a vixencia do mesmo. Acreditarase mediante o correspondente título oficial, se fora necesario, vida laboral así como o seu currículum profesional.
- 3) Supervisar que se cumplen os horarios
- 4) Informar ao responsable da Concellaría de Cultura de calquera circunstancia que aconteza dentro do desenvolvemento das Escolas Culturais.
- 5) Servir de interlocutor entre a Concellaría de Cultura e os usuarios do servizo.
- 6) Elaborar informes de asistencia con carácter mensual, co número de horas impartidas, incidencias que podan xurdir durante o desenvolvemento das actividades.
- 7) Utilizar con diligencia as instalacións nas que se vai a desenvolver este proxecto, repoñendo no seu caso as desfeitas ocasionados na execución do contrato.
- 8) Queda obrigado a realizar un seguro de responsabilidade civil como mínimo de 300.000€ por sinistro, requisito que será esixible con carácter previo á formalización do contrato.
- 9) Colaborar co concello na organización dos eventos, clausuras, competicións, exposicións e outras actividades relacionadas coas Escolas Culturais obxecto de contratación.
- 10) Efectuar un seguimento individual dos asistentes: controlar a asistencia, non

podendo impartir clase a ningunha persoa que non estea inscrito.

- 11) Supervisar o programa de actividades coa dirección técnica municipal cada 2 meses ou cando esta así o requira.
- 12) Montar e desmontar, recoller o material empregado nas actividades e deixar as instalacións en perfecto estado de conservación. Naquelas onde sexa necesario o emprego de chaves por parte da empresa, será esta a responsable das mesmas, ao igual de deixar os locais pechados e en perfecto estado.
- 13) Distribuír o material e o equipamento que o concello poña á súa disposición para o funcionamento das Escolas Culturais, de ser necesario, encargándose do seu coidado e bo uso, presentando cada tres meses unha relación do mesmo, coa especificación de variacións ou deterioracións que se poidan producir, así como das adquisicións que se consideren necesarias para o idóneo funcionamento das actividades. O citado material será en todo momento de propiedade municipal.
- 14) Realizar unha enquisa de satisfacción e de suxestións ao remate de cada actividade. Ao finalizar cada actividade, entregarase ás persoas participantes unha enquisa de satisfacción e de suxestións, e os resultados serán informados debidamente ao concello.
- 15) Presentar unha memoria final dos servizos prestados (informe, fotografías, etc) ao longo do mes de xuño.
- 16) Satisfacer ao seu cargo todos os gastos de persoal. O adxudicatario ten a obriga de cumplir baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia de Dereito do Traballo, Seguridade Social, a lexislación reguladora da Industria, Seguridade e Hixiene no Traballo e calquera outra de xeral observancia. O persoal contratado polo adxudicatario, dependerá única e exclusivamente deste, e non terá relación laboral de ningún tipo con Concello de Ames.
- 17) O adxudicatario deberá respectar o programa mínimo de Escolas Culturais que se xunta como anexo a este prego.
- 18) Ademais das obrigas recollidas expresamente nesta cláusula, serán de aplicación o emprego do galego en todas as actividades derivadas da execución do contrato, segundo o establecido na Ordenanza reguladora do Impulso do Galego no Concello de Ames, así como respectar o Manual de Imaxe Corporativa na documentación que se xere a raíz do desenvolvemento do contrato.
- 19) Todo o persoal que interveña nos traballos quedará obrigado a tratar de forma confidencial a información facilitada pola Administración, así como a manexar as instrucións e condicións de seguridade que dite o Concello (Lei de Protección de Datos).

**b) Beneficios do adxudicatario**

O adxudicatario percibirá a cantidade correspondente a multiplicar o número de horas impartidas polo prezo por hora establecido na oferta económica do adxudicatario do concurso.

**c) Obrigas e dereitos do concello**

- 1) Fixará e percibirá as taxas que cada usuario teña que aboar por cada actividade.
- 2) Realizará as inscricións e cobros de cada servizo.
- 3) Unha vez realizadas as inscricións, o concello comunicará á empresa adxudicataria a posta en marcha do servizo.
- 4) Manterá os servizos indicados polo tempo estipulado, sempre que non existan causas graves que motiven a finalización do servizo.
- 5) Controlará en coordinación coa empresa adxudicataria a asistencia a cada actividade. Para isto, os monitores pasarán lista os días que se desenvolva a actividade, e os técnicos municipais poderán acceder ás instalacións en horas de desenvolvemento da actividade e sen previo aviso, a fin de comprobar o

número de asistencias e o grao de satisfacción dos usuarios.

- 6) Cederá as instalacións municipais, o equipamento específico das instalacións e o persoal de mantemento das mesmas, podendo modificar os horarios e instalacións das actividades por necesidades do servizo, previa audiencia da entidade adxudicataria.
- 7) O concello de Ames fixará os horarios e lugares nos que se impartirán as escolas culturais.
- 8) O Concello de Ames poderá incrementar ou diminuír o número de horas docentes en función da demanda, da dispoñibilidade de instalacións ou das necesidades de organización de outras actividades ou eventos, notificándolle igualmente ditas variacións á empresa con suficiente antelación. Ditos incrementos ou diminución de horas docentes deberán ser sumados ou restados, respectivamente, do montante económico que a empresa percibirá do concello en razón do contrato que se subscriba entre ambos, en base á oferta económica por hora que establecera o adxudicatario do servizo. De igual modo o concello de Ames pode eliminar as actividades nas que non existise demanda, ou por calquera outra causa que xustifique a súa desaparición.

**d) Coordinación técnica**

O Concello de Ames disporá dunha persoa responsable da dirección técnica dos obradoiros culturais que realizará as seguintes funcións:

- 1) Realizar as funcións de coordinación coa empresa contratante.
- 2) Determinar as directrices ou premisas da organización (reunións periódicas, supervisión, ...) e xestión do servizo e ordenar as modificacións na prestación que o interese público aconselle, así como establecer os indicadores e requisitos de calidade a cumplir pola empresa adxudicataria.
- 3) Informar os plans de traballo técnicos propostos pola empresa (planificacións operativas dos proxectos contemplados no presente prego, obxectivos a conseguir, tarefas a desenvolver, distribución dos recursos humanos, temporalidade das actividades, ...).
- 4) Dar o visto e prace das altas e baixas de participación da actividade.
- 5) Inspeccionar e avaliar o servizo prestado.
- 6) Mediar naquellos situacións de conflito que puideran xurdir coa persoas destinatarias das actividades.
- 7) Determinará o número máximo e mínimo de participantes en cada grupo e o número de monitores por actividade.

**e) Temporalidade de prestación do servizo**

As escolas culturais desenvolveranse nos meses comprendidos dende outubro a maio (ambos incluídos), nos horarios días e lugares previamente sinalados polo concello.

**f) Lugar de prestación do servizo**

A modo orientativo establecese que o servizo será prestado nas diferentes instalacións municipais de Bertamiráns e Milladoiro.

O concello reservase a posibilidade de ampliar ou modificar os lugares da prestación do servizo, cando existan razóns de interese público que así o aconsellen.

### 3.- CARACTERISTICAS ESPECIFICAS DE CADA LOTE

Debido a que cada escola ten uns obxectivos específicos e que as características e formación de quen as imparte teñen que ser diferentes, é polo que se fai a impartición dos mesmos de forma independente por lotes:

## **Lote nº 1.- Escola de Artes plásticas**

Nesta escola inclúense os obradoiros de Manualidades e Arte miúda. O obradoiro de Manualidades está dirixido a persoas maiores de 16 anos e o obradoiro de Arte miúda está dirixida a nenos e nenas de 3 a 6 anos.

O obxectivo principal deste lote é potenciar a capacidade de cada usuario, tendo en conta as destrezas, actitudes e competencias especialmente manipulativas. Aprender a traballar en equipo como factor de socialización, potenciando hábitos de orden, limpeza e responsabilidade. Fomentar a creatividade. Desenvolver a atención e a concentración. Reciclar, reutilizar e crear traballos artísticos de artesanía fomentando un consumo moi reflexivo e aumentando o respecto polo entorno.

As/os participantes deste obradoiro perfeccionarán e aprenderán distintas técnicas de artes plásticas, pintura, modelado, traballo con madeira, teas, papel, adaptándose as idades, destrezas e coñecementos de cada participante.

Ao comezo do curso presentarase un programa das distintas técnicas que van a desenvolver ao longo do curso.

No cadro adxunto quedan reflectido de maneira orientativa as actividades que engloba esta escola, o número de horas semanais e o número de prazas estimadas e o lugar de impartición.

ESCOLA	LUGAR	ACTIVIDADE	LUGAR DE IMPARTICIÓN	HORARIO PREVISTO	HORAS/ SEMANA	NÚMERO DE PRAZAS
ARTES PLÁSTICAS	BERTAMIRÁNS	ARTE MIÚDA 3-6 ANOS	Casa Cultura aula usos múltiples	Mércores 18:00 a 19:00	1 horas	15
		MANUALIDADES MAIORES DE 16 ANOS	Casa Cultura aula usos múltiples	Martes 10:00 a 11:30h.	1,5 horas	15
		MANUALIDADES MAIORES DE 16 ANOS	Casa Cultura aula usos múltiples	Mércores 20:30 a 22:00h.	1,5 horas	15
	O MILLADOIRO	ARTE MIÚDA 3-6 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	Xoves 17:00 a 18:00	1 horas	15
		MANUALIDADES MAIORES DE 16 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	xoves 11:00 a 12:30	1,5 horas	15
		MANUALIDADES MAIORES DE 16 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	Martes 20:30 a 22:00	1,5 horas	15

## **Lote nº 2.- Escola de Baile**

Esta escola está dirixida a persoas maiores de 16 anos

Con esta escola o que se pretende, é por unha banda, desenvolver a expresión corporal e a coordinación, que cada participante coñeza as limitacións e posibilidades corporais. Por outra que sexan capaces de distinguir as diferentes músicas que dan lugar aos diferentes bailes e tamén recuperar e manter os Bailes de Salón tradicionais como parte do noso patrimonio inmaterial (pasodobres, vals, tangos, bailes caribeños), fomentando o traballo en parella e en grupo.

O obxectivo desta escola e que os participantes aprendan e perfeccionen distintos tipos de baile adaptándose aos coñecementos dos participantes. Os estilos de baile que se impartirán ao longo do curso serán sobre todo ritmos latinos (chachachá, bachata, merengue, cumbia e mambo) e baile de salón (tango, vals, pasodoble), tendo sempre en conta os intereses dos participantes.

Ao inicio do curso presentarase un programa coas distintas técnicas que van a desenvolver ao longo do curso.

No cadro adxunto quedan reflectido de maneira orientativa o número de horas semanais e o número de prazas estimadas e o lugar de impartición.

ESCOLA	LUGAR	ACTIVIDADE	LUGAR DE IMPARTICIÓN	HORARIO PREVISTO	HORAS/ SEMANA	NÚMERO DE PRAZAS
BAILE	BERTAMIRÁNS	BAILE SALÓN MAIORES 16 ANOS	Auditorio casa cultura	Mércores 20:30 a 22:00	1,5 horas	30
	O MILLADOIRO	BAILE SALÓN MAIORES DE 16 ANOS	Auditorio casa cultura	Luns 20:30 a 22:00	1,5 horas	30

### Lote nº 3.- Escola de Teatro

O obxectivo que se pretende nesta escola é o de abordar proxectos que vaian mais alá do entretenimento, é dicir que nesta escola se desenvolvan accións formativas nos diferentes niveis de idades e que sirvan de ferramenta pedagóxica chea de posibilidades, contribuíndo ao desenvolvemento da autonomía persoal, socialización, aprendizaxes básicos (expresión oral, linguaxe verbal, coñecementos do esquema corporal, producción plástica).

Esta escola abarca varios grupos de idade.

O Teatro infantil de Xogo Dramático está dirixido a rapaces a rapazas de 3 aos 11 anos en grupos de idade.

O TEATRO e a súa abordaxe en xogo dramático desde idades temperás, constitúe unha ferramenta pedagóxica chea de posibilidades, contribúe ao desenvolvemento da autonomía persoal, socialización, aprendizaxes básicos (expresión oral, linguaxe verbal, coñecementos do esquema corporal, producción plástica). Así mesmo, as dinámicas do traballo teatral en persoas adultas, maniféstanse como unha excelente ferramenta de cohesión social ao tempo de identificaren eivas e fortalezas individuais desenvolvidas tanto como integrantes de obradoiros como no proceso dunha montaxe teatral.

A Expresión Dramática está orientado a adolescentes de 12 a 16 anos.

A expresión dramática é unha ferramenta idónea para traballar os prexuízos, tamén os da lingua. A través da ficción e da asunción dun rol diferente ao propio, opérase unha mudanza de lingua cara a requirida no traballo de creación, de xeito case inconsciente.

O Grupo Municipal de Teatro, que incluirá tamén a súa dirección, está dirixido a todas as persoas maiores de 16 anos, que teñan xa experiencia teatral, xa que se abordará o proceso de montaxe dunha obra teatral que culminará coa estrea do espectáculo.

O espectáculo que se leve a escena poderá realizar cantas representacións como sexan solicitadas, axudando a dinamizar culturalmente as diversas comunidades deste concello, así como ampliar a dinámica, establecida nos últimos anos, de intercambios con outros grupos de teatro de amadores e incluílo en diferentes redes e ciclos, así como a participación en diferentes certames que se convoquen en toda a xeografía galega.

No cadro adxunto quedan reflectido de maneira orientativa o número de horas semanais e o número de prazas estimadas e o lugar de impartición.

ESCOLA	LUGAR	ACTIVIDADE	LUGAR DE IMPARTICIÓN	HORARIO PREVISTO	HORAS/SEMANA	NÚMERO DE PRAZAS
TEATRO	BERTAMIRÁNS	TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 3 A 6 ANOS	Auditorio casa cultura	Martes 17:00 a 18:00	1 hora	15
		TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 7 A 11 ANOS	Auditorio casa cultura	Martes 18:00 a 19:00	1 hora	15
		EXPRESIÓN DRAMÁTICA 12-16 ANOS	Auditorio casa cultura	Martes 20:00 a 21:00	1 hora	15
	O MILLADOIRO	TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 3-6 ANOS	Auditorio casa cultura	Miercoles 17:00 a 18:00	1 hora	15
		TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 7-11 ANOS	Auditorio casa cultura	Miercoles 18:00 a 19:00	1 hora	15
		GRUPO MUNICIPAL DE TEATRO	Auditorio casa cultura	Miercoles de 20:30 a 22:30	2 hora	15